

ASISTENTES:

Presidenta:

Dona Milagros Otero Parga

Vicepresidente:

Don Pablo Cameselle Martínez

Don Fernando de Andrés Alonso

Vogais:

Pola Xunta de Galicia

Don Javier Enrique Fraga Campo

Polo Consello Consultivo

Dona María José Quintana Acebo

Polo Consello de Contas

Don Manuel José Santana Suárez

Pola Federación Galega de Municipios e Provincias

Dona Lucía González Louro

Secretaria:

Dona María Puy Fraga

En Santiago de Compostela ás 12.07 horas do día 2 de maio de 2017, na sede do Valedor do Pobo, rúa Hórreo nº 65, terceiro andar, e con asistencia das persoas indicadas á marxe, en sesión convocada por vía electrónica pola súa presidenta o día 24 de abril de 2017, procédese a realizar a XI sesión ordinaria da Comisión da Transparencia de Galicia.

Na sesión procédese de acordo coa seguinte orde do día:

1º.- Saúda

A presidenta inicia a sesión cunha benvinda aos membros. Escusa o retraso por motivos laborais do Vicepresidente don Pablo Cameselle Martínez, substituído segundo o establecido no regulamento interno da Comisión da Transparencia ata o momento da súa chegada na que cesará a substitución.

Igualmente informa brevemente dos datos achegados ao Parlamento no informe anual do Valedor do Pobo 2016 no que afecta ao traballo da Comisión da Transparencia. Tamén da conta de que o día 28 de abril chegou oficio do TSXG reclamando o expediente RSCTG 9/2016, que se está a preparar para a súa remisión ao citado tribunal.

2º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión de 7 de marzo de 2017

A secretaria procede á lectura da acta. Debatidos algúns extremos da proposta da acta e clarexados os conceptos se procede a súa votación. Estando conformes todos os membros presentes apróbase por unanimidade.

Sendo as 12.30 accede á sala Don Pablo Cameselle Martínez e sae da mesma Don Fernando de Andrés Alonso.

Milagros Otero Parga

3º.- Revisión de diversos aspectos procedimentais, e aprobación se procede, de medidas para o seguimento das resolucións da Comisión

A presidenta indica que se está a detectar unha falta de uniformidade no xeito no que se executan as resolucións por parte dos suxeitos obrigados e no xeito de comunicar á comisión o cumprimento dos puntos segundo e terceiro das resolucións, xa que a copia do envío e a recepción da información solicitada polo reclamante é substituída ante a comisión por declaracións ou informes de telo realizado.

Se invita aos membros a que estuden a cuestión e fagan na vindeira sesión propostas para o desenvolvemento e adopción entre todos dun acordo que incida nunha execución uniforme do seguimento da información por parte da Comisión.

3º.- Resolución se procede dos expedientes tramitados

Nesta sesión se resolve un expediente de solicitude de acceso á información pública dirixido á Comisión da Transparencia, en relación a unha petición de información sobre varios expedientes tramitados durante o ano 2016. Estes expedientes son catalogados como DAIPCT.

Apróbanse por unanimidade, tras o seu estudo e por asentimento as propostas de resolución dos seguintes expedientes:

EXPEDIENTES	SENTIDO DA RESOLUCIÓN
DAIPCT 001/2017	Desestimar a reclamación presentada en aplicación do artigo 20.4 da Lei 19/2013, do 9 de decembro.
RSCTG 0052/2016	Inadmitir as dúas reclamacións presentadas ao tratarse en ambos casos dun procedemento en curso.
RSCTG 0053/2016	Inadmitir a reclamación presentada por inadecuación do obxecto da mesma ao concepto de información pública que da dereito ao acceso.
RSCTG 0054/2016	Arquivar por dispoñer o reclamante a información solicitada en relación ás cámaras de seguridade e inadmitir por falta de fundamento as cuestións que se refiren as declaracións de mantemento desas cámaras e á confirmación de que as cámaras

Antonia Cidon

EXPEDIENTES	SENTIDO DA RESOLUCIÓN
	se axustan ao ordenamento xurídico na reclamación presentada.
RSCTG 004/2017	Inadmitir por tratarse dunha materia cuxa resolución corresponde ao Consejo de Transparencia y Buen Gobierno e que xa lle foi achegada polo titular da información
RSCTG 005/2017	Inadmitir por carecer de fundamento.
RSCTG 07/2017	Retrotraer a reclamación presentada contra a desestimación por silencio administrativo da solicitude de acceso á información.

4º.- Determinación da data da próxima reunión da Comisión

Acórdase a celebración da seguinte reunión o día 30 de maio ás 12.00.

5º.- Rogos e preguntas

Non se formulan rogos ou preguntas.

Non habendo mais cuestións que tratar, sendo as 13:25 da tarde levantase a sesión, da que se estende a presente acta.

A Presidenta
Milagros Otero Parga




A secretaria
María Puy Fraga




